

Texto: **JOÃO PEDRO MÉSEDER**

Ilustracións: **GÉMEO LUÍS**

Tradución: **XOSÉ BALLESTEROS**

Encadernado en cartón. 22x22 cm.

36 páxinas en color. Dispoñible en:

-Galego: "O tempo voa"

Demademora. ISBN 978-84-8464-726-3

-Castelán: "El tiempo vuela"

Libros para Soñar. ISBN 978-84-92608-17-1

Prezo: 13 €



## O TEMPO VOA

**MENCIÓN ESPECIAL DO XURADO NO I PREMIO INTERNACIONAL 'COMPOSTELA' DE ÁLBUMS ILUSTRADOS**

- Cantos meses ten un ano?
- Doce meses, queres máis?
- Eu quixera ter os doce e outro máis para descansar.

O tempo é a materia prima da que estamos feitos: segundos, minutos, horas, días, semanas, meses, anos... Este libro ofrece outra ollada alternativa sobre esa medida e dános a posibilidade de coñecer outra caste de reloxos: "eses onde nunca se sabe que hora é", en palabras de Álvaro Magalhães. Afeitos a preguntar pola hora, este álbum propón todo o contrario: preguntar que hora non é.

Os divertidos versos desta historia rimada son unha invitación a reflexionar sobre as présas que invaden o noso ritmo de vida cotiá. As imaxes do libro, que aportan moito dinamismo, son elaboradas siluetas de papel recurtado cuxas formas contrastan coa cor de fondo: as agullas dos reloxos adquiren vida propia e camúflanse en sorprendentes obxectos.



### JOÃO PEDRO MÉSEDER (Porto, 1957)

Pseudónimo literario de José António Gomes, poeta e autor de libros infantís. Recibiu, entre outros galardóns, o Premio Maria Amália Vaz de Carvalho 1999 da Cámara Municipal de Loures. A súa obra figura na Lista de Honra da IBBY. Colabora en obras colectivas, publicacións especializadas e revistas de literatura. Participa nos Encontros Franco-Luso-Galaicos de Literatura Infantil e Xuvenil que se celebran en Porto.

### GÉMEO LUÍS (Maputo, Mozambique, 1965)

Pseudónimo artístico de Luís Mendonça, deseñador e editor. É profesor da Escola Superior de Artes e Deseño de Matosinhos, e da Facultade de Belas Artes de Porto. Ilustrou unha vintena de libros de varios autores. Pola súa obra recibiu o Premio Nacional de Ilustración 2005 (Portugal) e dúas mencións especiais desta distinción en 2002 e 2003. Tamén figura na Lista de Honra da IBBY en 2006.

- **Temática:** texto rimado sobre o tempo cronolóxico
- **Idade recomendada:** a partir de 4 anos
- **Aspectos destacables:** ilustracións a base de siluetas recurtadas; mención do I Premio Internacional Compostela
- **Aplicacións:** o tempo e a súa medida; a puntualidade; reflexión sobre o xeito de vida contemporáneo